

**EXP. 685/2024**

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 10/09/2024 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.2. Solicitude de subvención da AFA do CEIP Saco e Arce para gastos do servizo de madrugadores (Exp. 685/2024)**

Dáse conta da instancia presentada por María Montserrat García Bande, en nome e representación da AFA do CEIP Saco e Arce de Toén, con CIF G32173247, en calidade de presidenta, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a prestación do servizo de madrugadores no CEIP Saco e Arce de Toén polo período de setembro a decembro do 2024.

A dita entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 12/12/2005 (modificación de denominación por decreto de data 06/09/2021). A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidenta, como consecuencia da comunicación relativa ao cambio da Xunta Directiva desta asociación recibida no Concello (rexistro de entrada nº 2021-E-RE-431, de data 22/11/2021).

A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén.

O alcalde xustifica a concesión directa polo interese público e social que supón a colaboración do Concello co financiamento dun servizo que xa se ven desenvolvendo desde fai moitos anos e que facilita a conciliación de vida familiar e laboral das nais e pais de alumnos/as matriculados/as no CEIP de Toén. Explica que o programa de atención temperá do CEIP Saco e Arce consiste na apertura do centro fóra do horario lectivo (de 07:30 a 09:30 horas) para que as familias poidan deixar os/as nenos/as antes do comezo das clases e así poder acudir aos seus postos de traballo, que se trata dunha medida de fomento da conciliación da vida familiar e laboral e de ocupación do tempo libre dos/as nenos e nenas mentres non comeza o horario lectivo con actividades tales como repaso escolar, animación á lectura, artes plásticas, etc, e que se desenvolve durante todo o curso escolar (meses de setembro a xuño). Ademais o Concello ten competencias en materia de ocupación do tempo libre conforme ao previsto no artigo 25.2.l) da Lei



7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004 (BOP nº 19, do 25/01/2005), a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

*PRIMEIRO.- Concederlle á AFA do CEIP Saco e Arce de Toén, con CIF G32173247, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 3.120,00 €, polo interese público e social da actividade subvencionada, con cargo á aplicación 326.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da prestación do servizo de madrugadores no CEIP Saco e Arce de Toén polo período de setembro a decembro do 2024. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.*

*SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude da persoa beneficiaria, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose pola contía do importe do gasto que se xustifique debidamente con presentación de facturas e acreditación do seu pagamento. En todo caso, a realización destes pagamentos a conta non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto/actividade subvencionado/a. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, o Concello de Toén poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar a través do rexistro electrónico da sede electrónica municipal <https://concellodetoen.sedelectronica.es/info.0> antes do día 24/12/2024 a conta xustificativa asinada electronicamente que conterá a seguinte documentación (segundo os modelos que se remitirán xunto coa notificación deste acordo):*

- *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos*





resultados obtidos.

- *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento conforme á normativa vixente en materia de pagos, recordándose a prohibición de realización de pagamentos en efectivo por importe superior aos 1.000 € (artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro -modificada pola Lei 11/2021, do 9 de xullo -BOE nº 164, do 10/07/2021-).*
- *Declaración subscrita pola persoa beneficiaria ou a súa persoa representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentaranse as correspondentes certificacións dos ditos organismos nas que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde en Toén na data da sinatura electrónica.**

*(Documento asinado electronicamente)*

